



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 5/05/2010 ACTA Nº 3

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, membro non adscrito
D. José Castor Novoa Fernández, membro non adscrito
D. Manuel Diéguez Carballo, membro non adscrito
D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, membro non adscrito

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

Ausentes:

D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE, que xustificou a súa ausencia.
D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP, que xustificou a súa ausencia.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día cinco de maio de dous mil dez, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente a sesión ordinaria anterior do día 25/03/2010.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

2º.- ADJUDICACIÓN PROVISIONAL OBRA “EDIFICIO MUNICIPAL DE USO CULTURAL EN CHANTADA” FINANCIADA POR EL “FONDO ESTATAL PARA EL EMPLEO Y LA SOSTENIBILIDAD LOCAL”.

Visto el proyecto técnico de la obra: “Edificio municipal de uso cultural en Chantada”, redactado por “Raizdedous Arquitectura, S.L.P.”, con un presupuesto de licitación de 447.559,00 euros y 71.609,44 euros de IVA, redactado al amparo del Real Decreto-Ley 13/2009, de 27 de octubre, por el que se crea el “Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local”.

Dado que se trata de una obra de ejecución inmediata, que ha recibido autorización para la financiación del proyecto por Resolución por el Secretario de Estado de Cooperación Territorial de fecha 24/02/2010, publicada en la página Web del Ministerio de Política Territorial.

Resultando que por acuerdo plenario de fecha 25/03/2010 se aprobó el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación para la obra “Edificio municipal de uso cultural en Chantada” de acuerdo con el proyecto redactado por “Raizdedous Arquitectura, S.L.”, convocando su licitación.

Considerando lo dispuesto en cuanto a la tramitación de urgencia en los artículos 96 de la LCSP, 52 de la Ley 30/92, y 9 del Real Decreto Ley 9/2008, de 28 de noviembre de 2008.

Visto el informe jurídico del Secretario Municipal de fecha 15/03/2010.

Vistas las actas nº 1 y nº 2 de la mesa de contratación de fechas 21/04/2010 y 22/04/2010, de apertura de la documentación administrativa (sobre nº 1) y de las proposiciones técnicas (sobre nº 3) respectivamente.

Visto el informe técnico de fecha 3/05/2010 del comité de expertos designado para la valoración de las ofertas técnicas.

Vista el acta de la Mesa de Contratación nº 3 de fecha 3/05/2010 en la que se procede a la lectura previa del informe de valoración del comité de expertos, y a la apertura de las proposiciones económicas (sobre nº 2), proponiendo la adjudicación provisional del contrato de obra a la mercantil “Antonio Framiñan, S.L.”, de acuerdo con el siguiente cuadro de puntuaciones:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

	LICITADOR	MEJORAS (A+B+D+E)	OFERTA ECONÓMICA (C)	TOTAL
1	GAMALLO	38,11	1,95	40,06
2	JESÚS MARTINEZ	32,72	6,71	39,43
3	CPS	44,68	10	54,68
4	PREFABR. MILLADOIRO	25	2,74	27,74
5	HIDROSCIVIL S.L.	58,4	4,65	63,05
6	<u>FRAMIÑAN</u>	<u>69,15</u>	<u>1,09</u>	<u>70,24</u>
7	IMAGA	51,27	2,75	54,02
8	GÓMEZ CRESPO	55,06	1,41	56,47
9	ESBEAL S.L.	34,27	2,74	37,01
10	TERRAUGA	36,01	6,62	42,63
11	VARELA VILLAMAYOR	62,78	2,64	65,42
12	EDISERPO	33,95	1,4	35,35
13	TUCONSA	26,34	2,26	28,60
14	ANTALSIS S.L.	50,23	1,13	51,36
15	UNIKA S.A.	58,29	4,61	62,90
	UTE FERGO	-		
16	PROYECTA	42,16	3,02	45,18
17	UTE VIDAL - XOAN	49,17	0,55	49,72

Vista la fiscalización de conformidad de Intervención municipal a la presente propuesta.

De conformidad con lo establecido en los artículos 6, 65, 75.5, 105 y siguientes, 135.3, 153, 154, 155, 162, 212 y siguientes de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público; y 118 a 179 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre.

Considerando la atribución concedida al Pleno por el artículo 22.2 de la Ley de Bases de Régimen Local.

Dictaminado favorablemente por la comisión informativa de urbanismo de fecha 3/05/2010.

El Pleno de la Corporación, por diez votos a favor correspondientes a los miembros presentes de los grupos PSOE, BNG y a los concejales no adscritos, y una abstención correspondiente al miembro presente del grupo PP, ACUERDA:

PRIMERO.- Adjudicar provisionalmente el contrato de obra "Edificio municipal de uso cultural en Chantada" a la mercantil "Antonio Framiñan, S.L.", con CIF: B-36224798, como autora de la proposición más ventajosa para la Corporación, por el precio de 438.563,06 euros y 70.170,09 euros de IVA, y de acuerdo con las siguientes condiciones de ejecución ofertadas por el licitador que pasan a tener carácter contractual:

- Reducción del plazo de ejecución de la obra a 7 meses.
- Ampliación del plazo de garantía de las obras a 2 años.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Compromiso de fomento del empleo con la contratación de trabajadores desempleados según documento anexo I (fomento del empleo).
- Dotación de montacargas, ascensor y mejoras energéticas según las características técnicas del documento anexo II (Mejoras ofertadas sin coste adicional).

SEGUNDO.- Notificar la adjudicación provisional a todos los licitadores y requerir al adjudicatario provisional del contrato para que presente en el plazo máximo de cinco días la documentación justificativa de encontrarse al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social, y constituya la garantía definitiva por importe de 21.928,15 euros (5% del importe de adjudicación sin IVA).

TERCERO.- Publicar la adjudicación provisional del contrato mediante un anuncio en el Perfil del Contratante y en el Boletín Oficial de la Provincia.

3.- APROBACION PROVISIONAL DA MODIFICACION PUNTUAL DO PGOU DE CHANTADA. EXPTE: 314/101/2009.

Resultando que por acuerdo decreto de Alcaldía do día 21/05/2009 aprobouse a incoación do expediente para a modificación puntual do PXOU de Chantada, remitiéndose o proxecto técnico (redactado por Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.) á Consellería de Medio Ambiente Desenvolvemento Sostible aos efectos previstos na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Resultando que por acordo plenario do día 31/07/2009 acordouse aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada, suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación o demolición en todo o area afectada pola modificación puntual, e someter o expediente a información pública mediante a publicación dun anuncio no DOGA e en dous xornais da provincia, para que durante o prazo dun mes poidan examinarse os devanditos documentos nas dependencias municipais e formularse ás alegacións e observacións pertinentes.

Resultando que por acordo plenario do día 1/02/2010 acordouse aprobar provisionalmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada e remitir o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para a emisión do informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia oa amparo do artigo 94.4 da LOUGA, e aprobación definitiva do expediente.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Urbanismo de Lugo do día 5/03/2010, solicitando completar o expediente con documentación administrativa e técnica (ordenanza dotacional específica e corrixir diverxencias planos II.2 e II.3)

Visto o proxecto técnico de modificación puntual do PXOU de Chantada (abril de 2010) redactado por "Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.", corrixido no sentido do informe do Servizo de Urbanismo de Lugo do día 5/03/2010)

Visto o informe técnico do Aparellador Municipal do día 12/01/2010 e do día 3/05/2010 sobre a calidade técnica da ordenación proxectada pola modificación.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 21/07/2009 e 20/01/2010.

Considerando o disposto nos artigos 77 e 85 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo do día 3/05/2010.

O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos PSOE e BNG, e cinco abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos e ao membro presente do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada coas correccións no proxecto técnico (abril de 2010) do informe do Servizo de Urbanismo do día 5/03/2010.

SEGUNDO.- Remitir o expediente debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para a emisión do informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia oa amparo do artigo 94.4 da LOUGA, e aprobación definitiva do expediente.

4º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

4.1.- Moción sobre ciclos formativos en Chantada. Concelleiros non adscritos.

“Desde hai días escoltamos que cabía a posibilidade de que se eliminasen ciclos formativos no Instituto Val do Asma de Chantada. Si fai uns anos e xa daquela corriamos ese perigo e defendemos con uñas e dentes que tal feito non sucederá, neste intre facémonos eco de tal sospeita e queremos que esta posibilidade non volva ocorrer en Chantada.

En que nos baseamos para sospeitar distes feitos?

- a) *Que desaparece unha praza de automoción no concurso de traslados (profesor técnico de formación profesional).*
- b) *Hai un traslado dun profesor que se traslada a Ourense a finais de curso.*
- c) *Dita praza solicita un terceiro e non se lle concede, e a este o mandan a Guardia.*

Por todo isto preguntámonos o seguinte:

- a) *Eliminarase a praza para economizar?*
- b) *Estase escondendo a devandita praza para alguén?*
- c) *Amortizarase tal vez para cerrar o ciclo?*

Si nos baseamos neste último suposto poderíamos estar pensando que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia ten un plan que sería cerrar os ciclos en Chantada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Como poden vostedes estar pensando estamos nun suposto que nós baixo ningún concepto quixéramos que se fixera realidade, de ahí que solicitamos que este Pleno se pronuncie ó respecto e entre todos defendamos a non eliminación de ningún ciclo dos existentes en Chantada.

E máis, teríamos que esta loitando para reclamar máis ciclos para o noso Instituto Val do Asma relacionados cos sectores do viño, do aluminio, da horticultura e froiticultura do sector gandeiro, do sector cooperativista etc.

POR TODO ISTO:

Propoñemos a Corporación de Chantada a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Dirixirse a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria solicitando que se manteñan a praza con carecer definitivo.*
- 2. Instar a Xunta de Galicia para seguir mantendo os ciclos xa existentes e incluso con algún de nova creación.”*

O Sr. Varela explica o contido da moción sinalando que existen rumores sobre este tema e ofrecendo o seu apoio para reclamar á Xunta para que non se perdan estes ciclos, e que si a Xunta ten previsto unificar os dous centros nun só instituto, se cree un centro de formación profesional forte con estes dous ciclos e algúns máis.

O Sr. Alcalde afirma que vai apoiar a moción e que non hai motivos para crer o rumor, xa que os ciclos están aprobados para o curso que vén, e dado que non se cubriu no concurso a praza vacante dun profesor que se traslada a Orense, vaise a cubrir cun profesor interino. Sinala tamén que o problema é a falta de alumnos, que é o que pon en perigo a súa continuidade.

O Sr. Varela matiza que o que piden é que se loite por estes dous ciclos para que non se perdan e estudar a posibilidade de realizar outros ciclos relacionados coas empresas do polígono como “Asma Yet”, “Estrella de Galicia” ou “ICOS” posibilitando futuros postos de traballo en Chantada e creando un centro de formación profesional forte.

O Sr. Janeiro sinala que vai apoiar a moción, que a información que teñen é parecida ao sinalado polo Sr. Alcalde, e dado que dependemos da agricultura e dos viñedos deberíanse cambiar os ciclos para este tipo de materias ou as sinaladas polo Sr. Varela.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidad dos membros presentes.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia sinalou que tiña un asunto para sometelo a consideración da comisión informativa por razóns de urxencia, que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

O Sr. Piñeiro Díaz xustifica a urxencia da moción sobre o mantemento da actual área sanitaria de Monforte en que a semana que vén vaise a celebrar unha manifestación en Monforte para apoiar estas reivindicacións.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día do pleno é aprobada por unanimidad dos membros presentes.

“MOCION DO GOBERNO MUNICIPAL DE CHANTADA PARA O MANTEMENTO DA ACTUAL AREA SANITARIA DE MONFORTE

“A creación do Hospital Comarcal de Monforte no ano 1986, e a posta en marcha do mapa sanitario deu orixe a creación da Área Sanitaria de Monforte, o que significou unha mellora substancial da atención sanitaria da comarca a pesar das múltiples deficiencias tanto en materia de dotacións e servizos que aínda sofre a zona.

A principios do mes de Xullo, a Conselleira de Sanidade anunciou en Burela a creación dunha área sanitaria única para a provincia de Lugo, o que suporá a supresión da área sul de saúde, e a centralización da xestión hospitalaria en Lugo. As declaracións da Sra. Pilar Farjas provocaron unha grande preocupación na Comarca pois ao Hospital de Monforte están asignados aproximadamente 60.000 persoas, distribuídos en 11 Concellos (Bóveda, Carballedo, Chantada, O Courel, Monforte, Pantón, Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober), que pasarían a ter como primeiro hospital de referencia o Hospital de Lugo, cun grande aumento no nº de kilómetros a percorrer por parte dos usuarios e das molestias que esta decisión conleva. A maior afondamento a Xerente do Sergas, Rocío Mosquera, non dubidou en equiparar a área sanitaria como “unha integración de hospitais”.

A pesar de que a Consellaría non concretou o alcance desta proposta máis alá de consideracións xenéricas como “aumentar a eficiencia e a eficacia” ou “o reforzo de novas estratexias organizativas”, é precisamente por esa falla de concreción dados os antecedentes históricos que existen nesta área sanitaria, que a poboación comeza a estar alarmada posto que suporía unha merma importante dos servizos sanitarios ofertados así como da calidade dos existentes.

A xuízo do Goberno Municipal de Chantada as consecuencias para a sanidade pública atinxirían tanto aos usuarios como aos profesionais sanitarios e a groso modo resúmese nos seguintes aspectos:

a) Unha xerencia ubicada na cidade de Lugo, tanto pola distancia física, como pola distancia coa capital da provincia, implicaría unha dificultade para o acceso á mesma e descoñecemento de moitos problemas e eivas cotiás que xurdisen nos centros da actual área.

b) Unha xerencia ubicada en Lugo podería pór en cuestión investimentos previstos tanto nos centros de saúde como no propio Hospital de Monforte. Neste sentido na Comarca observase con preocupación que este novo modelo, poña en risco a implantación de novos servizos e especialidades así como a supresión da dotación no centro de saúde.

c) Unha xerencia única coa súa ubicación en Lugo e diante da escaseza de certos profesionais de algunhas especialidades médicas, implicaría desprazamentos constantes da poboación actual da área á cidade. Tendo en conta a distancia, a situación das comunicacións, o tempo de viaxe e ausencia dun transporte público axeitado, eses desprazamentos implicarían unha grande perda da calidade de vida para a poboación afectada ademáis de ter que asumir os gastos de desprazamento e, no seu caso, de hospedaxe os propios usuarios o que supón unha discriminación con respecto a poboación doutras zonas.

d) A supresión da área sanitaria de Monforte implicaría para os/as profesionais da saúde ter que optar a traballar en toda a provincia. Para o persoal eventual, tendo que inscribirse nas listas de contratación provinciais e tendo que aceptar contratos a máis de cen Km do seu domicilio, baixo a ameaza de penalización. Para o persoal fixo que accedera ao seu posto despois da publicación do Estatuto Marco e en base á mobilidade funcional, tendo enriba das súas costas un traslado forzoso a calquera lugar da provincia en calquera momento.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Por todos estes motivos, a supresión da área sanitaria de Monforte, significaría ao ver do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha merma na calidade asistencial que se lle presta á poboación e non pode consumirse porque sería avanzar no desmantelamento de servizos, particularmente nunha cuestión central como é a atención sanitaria.

SOLICITA

1º) O Goberno Municipal de Chantada insta ao Pleno da Corporación a que defenda o mantemento do mapa sanitario de Galiza no que atinxe á área de saúde de Monforte, mantendo a área sanitaria, con todas as competencias que ten na actualidade.

2º) O Goberno Municipal de Chantada solicita que se lle de traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, a Conselleira de Sanidade así como aos grupos políticos con representación na cámara galega.”

Previamente ao debate da moción, o Sr. Piñeiro autoriza á Sra. Gloria Prado, portavoz da “Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Monforte” para intervir no Pleno neste punto da orde do día ao amparo do disposto non artigo 228.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro:

“ACORDO PARA O MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DE CHANTADA.

Sr. Alcalde, membros da corporación, veciños e veciñas.

Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Monforte agradécelle ao Sr. Alcalde que nos permita utilizar o Regulamento de Participación Cidadá para poñer en valor e exercer o que é a democracia participativa.

Vimos co obxectivo de que os veciños e as veciñas de Chantada e comarca participen de forma efectiva no deseño de todos aqueles proxectos que atinxen á súa saúde e, ao mesmo tempo, promover un debate na opinión pública nun tema tan importante como é o dereito a unha sanidade pública. Sanidade Pública entendida como a mellor maneira de garantir unha

atención de calidade e que chegue a todos os cidadáns independentemente do seu poder económico.

A Plataforma é unha asociación plural e independente que non ten vinculación con ningún partido político e que está aberta a calquera persoa a título individual, sexa cal for a súa simpatía ou militancia política, sempre que estea de acordo cos puntos que defendemos no noso Manifesto.

Desde a asemblea veciñal do pasado 28 de xaneiro na Casa da Cultura, de Monforte de Lemos os membros desta Plataforma queren facer súas as palabras do Sr. Gaspar Llamazares: “La gente se ha dado cuenta de que los políticos somos marionetas que braceamos y sobreactuamos, pero no tenemos la importancia que podríamos tener en su vidas.”.

Imos ver, se hoxe, vostedes, como representantes políticos, son capaces de ter importancia para as nosas vidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Convén, en primeiro lugar, preguntarnos de quen e de que imos falar.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Imos falar, vostedes van falar, da vida da veciñanza de Monforte, Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Caurel, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil, Saviñao, Sober e Pobra do Brollón.

Imos falar, vostedes van falar, dunha poboación con dereito a prestación sanitaria de 62.000 persoas.

Imos falar, vostedes terán que falar que os concellos que integran a Área Sanitaria de Monforte teñen unha media de 72 persoas maiores (con 65 e máis anos) de cada 100 habitantes e que sobresaen por ter a poboación máis envellecida: Chantada, aínda que ocupa o 7º lugar, dentro dos concellos da área sanitaria, coa poboación maior de 85 anos, hay 53 persoas por cada 100 adultos en idade de traballar con 65 ou mais anos.

Imos falar, vostedes terán que falar de que temos na nosa zona unha media de 21 habitantes por km2. Chantada ten unha media de 52 habitantes por km2.

Imos falar, vostedes terán que falar de que a distancia media a Lugo é de 75 quilómetros. Desde Chantada a Lugo son 58 kms.

Ante esta difícil situación, como cren vostedes que se organizan as prestacións sanitarias nestas poboacións?

A resposta atopámola na Lei Xeral de Sanidade de 1986. Esta lei creou as Áreas de Saúde. A vontade do lexislador era, e debe ser, que as áreas de saúde teñan dúas funcións básicas:

- Ofrecer todas as prestacións e garantir os dereitos propios do sistema sanitario*
- E, a proximidade dos servizos sanitarios.*

Pero as cousas mudaron.

A finais de xullo de 2009 un grupo de deputados presentan no Parlamento de Galicia a seguinte Proposición Non de Lei: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implantar

a Modalidade de Xestión de Área Integrada no SERGAS, para favorecer a coordinación entre Atención Primaria e Atención Especializada."

Aquilo foi a escusa perfecta para ir, pouco a pouco, implantando na poboación unha nova fe ou filosofía de organización da Área Sanitaria de Monforte e de todas as áreas sanitarias de Galicia.

Na reunión de Santiago, o pasado 3 de febreiro, a Consellería de Sanidade, negoulles aos representantes desta Plataforma o borrador do novo Decreto.

Foi a nula política de comunicación da Consellería de Sanidade con visita de media hora, saúdos e biquiños da súa responsable quen motivou as dúbidas e inqedanzas dos membros desta Plataforma. Non foron tampouco as fotos que se prodigaron naquela reunión senón as propostas e liñas de actuación que a conselleira dixo ter dado para a elaboración do Decreto e que non se atreveu a expoñer.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Todo o contrario, as declaracións nos medios de comunicación da conselleira e os xerentes do SERGAS foron, moi ao seu pesar, trazando as liñas xerais do seu proxecto de Área de Xestión Integrada. Esa nova Área tería catro puntos clave:

- 1. Un xerente único para toda a provincia.*
- 2. Un hospital de referencia que sería o novo Hospital de Lugo e varios hospitais exercendo de satélites como o Hospital Comarcal de Monforte.*
- 3. Se falta persoal sanitario no hospital de Lugo poderá optarse por persoal do Hospital Comarcal de Monforte. Monforte quedaríase sen o seu persoal o que ocasiona un aumento das listas de espera ou os pacientes teremos que ir a Lugo, producindo a perda de servizos en Monforte e o seu lento desmantelamento.*
- 4. O SERGAS propúxose aforrar tamén na sanidade pública poñendo como desculpa o déficit e a crise económica do señor Zapatero. Indirectamente estannos a dicir que centralizarán servizos no hospital de Lugo e haberá recortes nos servizos non rendibles economicamente que ofrece o hospital de Monforte.*

O Acordo de Xestión 2010 firmado o martes de Entroido entre a Consellería de Sanidade e os directivos do SERGAS corrobora este último punto porque segundo o Presidente da Xunta o texto busca:

“reducir o gasto, aumentar a competitividade e a eficacia.”

Deberían pitarlles os oídos aos nosos representantes políticos. A sanidade pública, señoras e señores, mídese exclusivamente polo seu beneficio e rendibilidade SOCIAL.

Así pois, lembren, pasamos de ter unhas Áreas Sanitarias da Lei 1986 que deben ofrecer as maiores prestacións sanitarias, o máis próximas á poboación, a ter unha nova Área Sanitaria que agrupa as prestacións do sistema sanitario con criterios de rendibilidade económica. Os médicos e hospitais son provedores. Tal cal como cando imos ao supermercado.

No pensen por un momento que os nosos gobernantes inventaron algo novo. Esta remodelación da Área Sanitaria xa está prevista na Comunidade de Madrid co nome de “Agencias Sanitarias y Red Sanitaria Única de Utilización Pública”.

Destacamos aquí as súas características para anticipar a realidade á que podemos vernos abocados se o Decreto, que dorme en Santiago, esperta un día publicado no Diario Oficial de Galicia:

1ª. Distribúe á poboación entre centros públicos ou privados. Os mesmos centros privados que xa utiliza o xerente do hospital de Monforte ou o xerente do Xeral-Calde de Lugo cando alugan con cartos públicos quirófanos en centros privados. Os centros privados loitarán por evitar os procesos non rendibles e captar os rendibles porque niso van os seus beneficios, as perdas e, en definitiva, a súa existencia. E a esta situación veranse arrastrados tamén os hospitais públicos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2ª. A administración sanitaria non se preocupa de prover de medios os hospitais senón tan só de que o paciente estea asegurado.

O futuro da Área Sanitaria de Monforte é incerto, por moito que se empeñen determinados representantes políticos en dicir o contrario. Está inmerso nun ambiente desfavorable á sanidade pública. Algúns políticos deixaron que a economía a manexen outros.

A Xunta defende estes últimos meses a entrada de capital privado na construción e ampliación dos hospitais como o de Vigo e de Pontevedra a cambio de que a empresa privada se faga cargo de parcelas que antes realizaban traballadores con emprego fixo, dereitos e salario digno. A Xunta así endebédase por 20 ou máis anos, reduce a súa capacidade de investimento e condiciona os orzamentos durante moitos anos. Os hospitais, coma o noso, verán reducidos os seus orzamentos.

Á vista de todo isto e como no podía ser doutra forma, a Plataforma pola Sanidade Pública de Monforte trae a este Pleno os seguintes puntos:

1. A defensa dunha sanidade pública.

2. A defensa do Área Sanitaria de Monforte que de acordo coa Lei Xeral de Sanidade de 1986 e a Lei de Saúde de Galicia de 2008 ten unhas peculiaridades e precisa poder planificar e xestionar os recursos en base ás necesidades da súa poboación.

Segundo o modelo estratéxico do SERGAS estas áreas son as responsables de prestar servizos sanitarios con calidade e eficiencia. Para iso disporán de recursos técnicos, humanos e económicos e capacidade para planificar, dispoñer, distribuír e xestionar os recursos.

Por estas razóns creouse a Área Sanitaria de Monforte e non queremos perdela nin que se baleire de contido, de pouco nos vale unha Área Sanitaria sen recursos propios nin capacidade de xestión. Queremos a Área Sanitaria de Monforte íntegra.

Aceptamos un modelo de área que aproxime a Atención Primaria e a Especializada, a saúde mental, a saúde pública e os servizos sociosanitarios. Estaríamos de acordo, pero sempre que se implante a nivel da Área Sanitaria de Monforte e non que se centralice en Lugo, porque unha área de xestión integrada única e centralizada en Lugo sería, de feito, baleirar de contido atribucións a Área Sanitaria de Monforte.

3. A defensa do Hospital de Monforte:

a. Queremos manter e mellorar a carteira dos seus servizos. Queremos unha mellora continua do Hospital. Non queremos que diminúa a actividade e que se deixe morrer lentamente.

b. Queremos potenciar a sanidade pública non derivando a pacientes a centros ou hospitais privados mentres o hospital de Monforte ten eses mesmos servizos.

c. Queremos a redución urxente das listas de espera. Os veciños e veciñas de Monforte e a comarca non nos resignamos a padecer o seu incremento. Rexeitamos unha xestión das mesmas orientada ao cambio constante das citas confirmadas.

d. Non queremos os recortes de persoal nin os “contratos lixo”. Non á xestión con criterios exclusivamente económicos por riba das necesidades asistenciais.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Reclamamos a cobertura das baixas do persoal que pola súa importancia estratéxica poden levar a unha paralización da actividade e o desvío de pacientes a outros centros privados ou públicos. Unha boa sanidade precisa de traballadores ben remunerados pero tamén motivados e comprometidos co hospital.

- e. Queremos a posta en marcha da Unidade de Coidados Intensivos (UCI) que existe fisicamente pero está sen dotación de persoal, baixo a forma de unidade mixta de reanimación/UCI atendida por anestesistas e ucistas.*
- f. Queremos unha dotación e mellora de material e tecnoloxía que se necesitan, sen recortes nas inversións previstas na Fase II do Plan Director para o período 2008-2013.*

4. Reclamamos a posta en funcionamento do Consello de Saúde de Área como instrumento que asegura a participación de todos os cidadáns na súa área sanitaria.

A Plataforma pola Defensa da Sanidade Pública de Monforte, os veciños e veciñas de Monforte, de Chantada e do resto dos outros concellos, desexan e agardan que todos os membros que forman esta corporación do concello de Chantada apoiem este acordo para o mantemento e mellora da Área Sanitaria de Monforte e do Hospital Comarcal de Monforte.”

O Sr. Piñeiro agradece a intervención da Sra. Gloria Pardo e explica que este Decreto que está preparando a Xunta de Galicia non vai supoñer unha mellora no sistema de saúde público, que vai prexudicar ao área sanitaria de Monforte e Chantada, mermando a súa autonomía e a súa capacidade de decisión e xestión do gasto, xa que vai depender das directrices do area sanitaria de Lugo e da Consellería. Sinala tamien as contradicións nas declaracións dos membros do Partido Popular, e pide o apoio da Corporación municipal de Chantada ás reivindicacións da Plataforma e a asistencia á manifestación convocada en Monforte a semana que vén.

O Sr. Varela mostra o seu apoio a estas reivindicacións e sinala que a atención sanitaria no hospital de Monforte é óptima e que non pode haber todas as especialidades en todos os hospitais, polo que no novo hospital de Lugo bastaría con que tivese 4 ou 5 especialidades.

O Sr. Piñero sinala que leva vinte anos traballando no hospital de Monforte, e que se fixeron moitos esforzos por ir implantando servizos e especialidades que agora se poden perder, cando o que se pretende é mantelos e potenciarlos.

O Sr. Janeiro sinala que as noticias que teñen desde a Consellería é que a área de Monforte non vai perder nada do que ten, que vai continuar como estaba ou vai mellorar.

Sometida a moción a votación é aprobada por dez votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos PSOE, BNG e aos concelleiros non adscritos, e unha abtención correspondente ao membro presente do grupo PP.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

1. Sr. Varela: Sería necesario pintar os pasos de peatones da plazuela que volven estar borrosos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2. Sr. Varela: Na praza de Santa Ana habería que reparar algunhas pedras que se moven.

3. Sr. Varela: Habería que repoñer ou cribar a área do parque para o xogo dos nenos agora co bo tempo, e arranxar a pérgola.

PREGUNTAS:

1. Sr. Varela: Sábese algo do parque de bombeiros?

- Sr. alcalde: Non se sabe aínda como se vai a gestionar.

2. Sr. Varela: Vaise a facer algo na escola de Costeira? Estaba no proxecto do último obradoiro e non se fixo polo mal tempo.

- Sr. alcalde: Vaise a solicitar outro obradoiro e habería que incluílo aí.

3. Sr. Varela: En decembro aprobamos unha moción sobre as retribucións do persoal laboral e seguen sen subida aínda.

- Sr. alcalde: Esta ligado á aprobación dos orzamentos, que está en eso a Sra. Interventora.

E sendo as vinte e unha horas, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario accidental, dou fé e certifico.

Chantada, 5 de maio de 2010

O Alcalde

Manuel Anxo Taboada Rodríguez